

14 NOV 2017

SAÍDA N.º 3/1103

Prezada veciña:

Prezado veciño:

Desde o Concello de Cambre, a través da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, estamos a traballar intensamente para mellorar as prestacións que lle podemos ofrecer ao tecido asociativo do noso concello.

A Corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 26 de outubro de 2017, aprobou as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2017.

O prazo para presentar as solicitudes é dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). **O prazo de presentación comeza o 15 de novembro e remata o día 14 de decembro de 2017.**

O formulario da solicitude, así como as bases da convocatoria, poden descargarse da páxina web do Concello de Cambre (www.cambre.gal), ou recollese nos Rexistros Municipais e nas oficinas de Cultura e Deporte na Barcala.


Para calquera dúbida ou consulta quedamos á vosa enteira disposición nos teléfonos 981 61 31 93 (Cultura) e 981 61 31 86 (Deporte).

Agradecendo de antemán a súa colaboración e ficando ao seu enteiro dispor recibe un afectuoso saúdo.

Cambre, 14 de novembro de 2017



Brais Cubeiro Fernández
Concelleiro de Deportes
braiscubeiro@cambre.org
981613186
604027120



Daniel Carballada Rodríguez
Concelleiro de Cultura e Mobilidade
danicarballeda@cambre.org
981613193
604027121

A autenticidade dos documentos asinados pode comprobarse na sede electrónica municipal <https://sede.cambre.es>, introducindo o CVD (código de validación) que figura á marxe.